

## Os Centros Singulares da USC reencóntranse coa cidadanía na terceira edición de 'Ciencia Singular'

luns, 4 novembro, 2019 - 13:45

*A investigación de excelencia desenvolvida en CiQUS, CiMUS, CiTIUS e IGFAE porase un ano máis ao servizo da divulgación ante familias e visitantes de tódalas idades o vindeiro sábado 16 de novembro, entre as dez da mañá e as oito da tarde.*



Tres edicións e, por primeira vez, catro centros de investigación: o vindeiro sábado 16 de novembro, a *Rede de Centros Singulares de Investigación da Universidade de Santiago* (RCSI-USC) celebrará unha nova edición de 'Ciencia Singular', a xornada de portas abertas dirixida á súa contorna social máis próxima. Un encontro concibido como o maior evento anual de divulgación promovido ata o de agora polos equipos de investigación de CiQUS, CiMUS e CiTIUS, e no por primeira vez en 2019 estará tamén presente o *Instituto Galego de Física de Altas Enerxías*(IGFAE).

A participación nestas xornadas é complementemente gratuíta e require rexistro previo a través da web oficial do evento: <https://cienciasingular.usc.es>. As persoas interesadas en participar, soas ou acompañadas das súas familias, poderán inscribirse a partir do próximo martes 5 de novembro ás 16:00, ata completar aforo.

### Cambiando o mundo desde a escala molecular

A Química é unha das ferramentas máis poderosas coas que conta a sociedade para afrontar os desafíos do século XXI. Cada día, o compromiso dos investigadores do CiQUS permite explorar novas aplicacións en campos como a saúde (Química Biolóxica e Médica), ou a industria (Materiais Funcionais, Catálisis). En só oito anos, o centro tense consolidado como referente de investigación interdisciplinaria na fronteira entre a Química, a Biomedicina e a Ciencia de Materiais.

### Enfermidades crónicas e medicina molecular

O CiMUS traballa na prevención, comprensión e tratamento das enfermidades crónicas en áreas como Cancro, Endocrinoloxía, Cardiovascular, Neurociencias, Xenética e Bioinformática, Nanomedicina ou Desenvolvemento de Fármacos. Xunto co Hospital Clínico Universitario de Santiago, o centro está integrado no IDIS, un Instituto de Investigación Sanitaria acreditado polo Ministerio de Sanidade.

### Tecnoloxías intelixentes, beneficio social

Os investigadores do CiTIUS traballan no desenvolvemento dunha nova xeración de tecnoloxías intelixentes que levan a Intelixencia artificial do plano teórico ao mundo real, permitindo a súa integración na industria e na sociedade dunha forma transparente, robusta e fiable. As aplicacións destas tecnoloxías abarcan múltiples ámbitos que van desde o tecido empresarial ata a seguridade civil, pasando pola saúde, o transporte ou as cidades intelixentes –entre outras–.

### IGFAE: na elite da investigación internacional en Física

O *Instituto Galego de Física de Altas Enerxías*(IGFAE) é un centro acreditado como *Unidade de Excelencia María de Maeztu*, cuxas áreas de investigación tentan dar resposta a moitas das preguntas esenciais da natureza física: o estudo da realidade microscópica

a nivel fundamental (Modelo Estándar), a conexión entre física de partículas e cosmoxía, e a estrutura nuclear e as aplicacións médicas. Desde a súa fundación, o IGFAE leva no seu ADN a colaboración internacional con grandes infraestruturas internacionais de prestixio, como o *Gran Colisor de Hadróns* do CERN (*Organización Europea para a Investigación Nuclear*).